

# Servizo de asesoramento sexolóxico

de FADEMGA Plena inclusión Galicia



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E IGUALDADE

FADEMGA

 Plena  
inclusión  
Galicia

## O SERVIZO DE ASESORÍA SEXOLÓXICA

O servizo de asesoría sexolóxica de FADEMGAL Galicia é un espazo onde podes falar sobre sexualidade, sentimentos, desexos e todo o que se relaciona co benestar emocional e físico na túa vida íntima.

É un espazo seguro e confidencial, onde poderás expresar as túas dúbidas ou inquietudes.

### Onde e cando?

A asesoría realizarase en toda a comunidade autónoma.

Dependerá do lugar do que sexas e farase no sitio máis próximo a ti ou no que che resulte máis cómodo.

Dispoñemos de horarios flexibles para que poidas elixir o mellor momento para ti.

### Por que é importante a asesoría sexolóxica?

- Porque axúdanos a falar de maneira libre sobre sexualidade.
- Axúdanos a comprender mellor os sentimentos e desexos.
- Aprendemos a respectar os nosos límites e os dos demais.
- Melloramos as nosas relacións afectivas e sexuais.
- Resolvemos dúbidas sobre a túa orientación.

### Como participar nas asesorías?

- Cubre a **ficha de autorización** que atoparás máis abaixo.
- Se necesitas un apoio especial, estamos aquí para axudarche a ter unha experiencia cómoda e adaptada ás túas necesidades.
- Podes chamar ou escribir ao seguinte número de teléfono: 683 43 00 12

### Quen pode facer uso desta asesoría?

Todas aquelas persoas con discapacidade intelectual e as súas familias, coa finalidade de dar resposta ás súas necesidades.

### Custe do servizo

As tres primeiras sesións son gratuítas, xa que se cobren desde o programa de muller.

### Prazo

O prazo para achegar interese, estará aberto durante todo o ano.

**Interesada/o?**

**[Cubre aquí a ficha de autorización](#)**

*Acende o dereito a sentir,  
gozar e decidir*



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E IGUALDADE

FADEMGA

 Plena  
inclusión  
Galicia